

Acta núm. 6/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 5 de marzo de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 5 de marzo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 26 de febreiro de 2019.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).
- 3º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2019.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 26 de febreiro de 2019, acta núm. 05/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por ADOLFO MIGUEL PAN AÑON, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Cirro 26, San Salvador, coas seguintes características:

.- No linde coa v3a p3blica situarase m3nimo a 4 m. do eixe do vial. Executarase con muro de formig3n de 1,07 m. de altura sobre a rasante natural do terreo e 0,63 m. de peche permeable met3lico.

.- No linde lateral dereito executarase con muro de formig3n de altura m3xima 1,15 m. e reixa electrosoldada por enriba de 0,63 m. de altura.

.- No linde posterior executarase con muro de formig3n de altura 0,20 m. e reixa electrosoldada por enriba, de 1,50 m. de altura.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural, 3rea non consolidada pola edificaci3n, s3ndolle de aplicaci3n a ordenanza n38 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN MARTINEZ SUAREZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Bemil 29, Bastavales, substituíndo a tella existente por tella nova, sen incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO ROMERO BARCO, na que comunica que vai facer as seguintes actuacións na vivenda sita no Casal 9, Brión:

.- Reparar a cuberta da vivenda colocando tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

.- Encintar as fachadas de pedra.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NELIDA LEBORANS NUÑEZ, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda de Beca 1, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (NRL-1) e sitúase dentro do ámbito de protección do Cruceiro de Beca, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: XBC-1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA REGUEIRO GRELA, na que comunica que vai demoler un hórreo de 6 m2 de superficie, en Gundín 21, Os Ánxeles, construído no ano 1980 aproximadamente.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM, e o hórreo non se atopa preto a ningún elemento nin ningunha aldea integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.



TERCEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González